



# BANDO

**D. MIGUEL BAUTISTA CARBALLO, ALCALDE PRESIDENTE DESTE CONCELLO DE PETÍN,**

## **FAI SABER**

Que a limpeza das fincas particulares é unha obriga das persoas propietarias e/ou usuarias das mesmas. A limpeza é aínda máis importante nas zonas rurais, dado que a acumulación de maleza pode ser especialmente perigosa nos meses do verán, cando o risco de lume é moi importante.

Esta obriga está recollida tanto nas ordenanzas e regulamentos municipais como na normativa Autonómica e Estatal. En ámbolos casos, establécense sancións para aqueles propietarios que non cumpran coas obrigas relacionadas con esta materia.

Por elo, **REITERO A PETICIÓN DE QUE** se proceda o antes posible, e en todo caso antes de que finalice o mes de Maio, á limpeza das súas propiedades, co fin de conseguir que ningunha delas teña lixo, maleza ou calquera das especies arbóreas das sinaladas na lei de prevención e defensa contra incendios.

Ano tras ano, estase a facer por parte deste concello unha maior labor de inspección co fin de evitar a propagación de novas lumes.

En caso de incumprimento, **iniciarase un expediente sancionador e outro de orde de execución** tendo como obxectivo final a limpeza de tódalas propiedades existentes tanto no núcleo (Rural ou Urbano) coma na franxa de protección de cada un deles (50 m dende o límite exterior do núcleo), garantindo unhas boas condicións de seguridade e salubridade.

Sen prexuízo das responsabilidades que, no seu caso, correspondan ás persoas autoras dos incendios forestais, **a Xunta de Galicia repercutirá os gastos de extinción**, ás persoas obrigadas a manter limpas as propiedades.

A normativa establece sancións de certa importancia, onde se poderán alcanzar importes de 1.000 euros para as leves.

**Finalmente, recordar que, en canto o valor da multa, máis o traballo da limpeza sexa superior ao valor catastral da finca, a administración poderá proceder á expropiación da mesma.**

### **Especies que non se deben atopar dentro das franxas de protección:**

- Piñeiro galego
- Piñeiro do país
- Piñeiro silvestre
- Piñeiro de Monterrey
- Piñeiro de Oregón
- Mimosa
- Acacia negra
- Eucalipto
- Queiruga
- Carqueixa
- Xesta
- Carpaza
- Piorno
- Fento
- Silva
- Toxo

#### Normativa aplicable:

- Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Ordenanza Municipal de Limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais (BOP 18-04-05).
- Lei do Solo de Galicia.
- Instrución 1/2018 de 26 de abril (Xunta de Galicia).